

AS NOSAS SEÑORAS DO CAMIÑO

Reproduccións de
ANA SASTRE

Sala de Exposicións do
Castelo de Pambre
Palas de Rei, Lugo

do 30 de setembro ao 30 de
decembro de 2016



Virxe Abradeira (Toldaos, Lugo). Fotografías de Patricia Coucheiro

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

AS NOSAS SEÑORAS DO CAMIÑO
OUR LADIES OF THE JAME'S WAY

VIRXES ROMÁNICAS DA CONTORNA DO CAMIÑO DE SANTIAGO
VÍRGENES ROMÁNICAS DEL ENTORNO DEL CAMINO DE SANTIAGO
ROMANIC VIRGINS OF ST. JAMES'WAY

Reproducións de **Ana Sastre**
Reproductions by **Ana Sastre**

Prólogo: Xosé Lois García Fernández

Textos:

María José Gómez Alvite

Jesús Otero Pereiras

Cristina Varela Cadahía

Carlos Vázquez García

J. Ángel Vázquez Mourenza

Xosé Lois García Fernández

Deseño e coordinación da exposición:

X. Francisco Pardo Teijeiro

Braulio Vilaríño Varela

Tradución inglés: Judith Porto González

Fotografía: Patricia Coucheiro

Maquetación: Roberto Pérez, Imprenta Meligraf

Impresión: Imprenta Meligraf, Melide

Í N D I C E

- 5 **Presentación.**
Xosé Francisco Pardo Teijeiro
- 20 **Prólogo.** *As Nosas Señoras de Ana Sastre.*
Xosé Lois García
- 27 **Catálogo.**
Virxe da Celigueta. *Carlos Vázquez García*
Virxe da Valvanera. *María José Gómez Alvite*
Virxe da Antigua. *Cristina Varela Cadahía*
A Nosa Señora das Neves. *María José Gómez Alvite*
Virxe co Neno. *Jesús Otero Pereiras*
Santa María de Meilán. *María José Gómez Alvite*
Virxe con Neno ou Epifanía. *María José Gómez Alvite*
Virxe Abrideira. *María José Gómez Alvite*
Virxe do Cebreiro. *J. Ángel Vázquez Mourenza*
A Nosa Señora de Pesqueiras. *Xosé Lois García*

Presentación

A exposición “As Nosas Señoras do Camiño” é a primeira do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), asociación cultural que desenvolve a súa actividade na comarca da Ulloa, terra antiga e abondosa, constituída polos concellos de Palas de Rei, Antas de Ulla e Monterroso. É a primeira para o noso Instituto e a primeira tamén da sala de exposicións do rehabilitado Castelo de Pambre, xoia da arquitectura medieval galega.

“As Nosas Señoras do Camiño” é unha exposición de reproducións de dez virxes románicas, todas elas da contorna do Camiño de Santiago, dende Navarra ata Lugo, realizadas por Ana Sastre, unha artista coruñesa dotada dunha exquisita sensibilidade e cun apaixonado amor pola arte románica. As obras de Ana Sastre traspasan as simples reproducións para convertérense en verdadeiras obras de arte. A súa expresividade, a delicada precisión de cores e formas, sen perder nunca a estrita fidelidade á peza orixinal, conxugan equilibrada e harmonicamente a inxenuidade dun “naif” de peculiar perspectiva coa forza visual do simbolismo expresionista.

“As Nosas Señoras do Camiño” recolle, nas dez pezas coidadosamente elixidas, a feiticeira beleza da iconografía románica, subordinada sempre a unha orde racional con intencións simbólicas, e máis a esencia da variadísima tradición relixiosa popular: virxes milagreiras, virxes mediadoras, virxes protectoras, virxes de romaría, virxes con neno, virxes entronizadas, virxes sitiais, virxes coroadas, virxes abrideiras, virxes hieráticas, virxes de ollos grandes... as Nosas Señoras.

“As Nosas Señoras do Camiño” púidose levar a cabo grazas á subvención da Sociedade de Xestión de Plan Xacobeo e á axuda do Concello de Palas de Rei, que nos apoiaron dende o primeiro intre. Temos que agradecer a José Luis Vélez, Prior do Mosteiro de Samos, a cesión temporal da copia da Virxe de Valvanera, obra de Ana Sastre, e a Alfonso Blanco, párroco de Guitiriz, as das Virxes do Cebreiro e de Pesqueiras, da mesma escultora; as demais pezas forman parte da colección particular de Ana Sastre. Agradecemos o entusiasmo dos historiadores da Sección de Historia do IEU, coordinados por María José Gómez Alvite. Damos as grazas tamén a Braulio

Vilariño, coordinador da Sección de Exposicións do IEU, á fotógrafa Patricia Couceiro polas súas magníficas fotografías e á californiana Judith Porto polas súas traducións. E o noso especial agradecemento é para o escritor e historiador Xosé Lois García que desinteresadamente nos achegou tan excelente prólogo.

“As Nosas Señoras do Camiño” é a nosa primeira exposición e o inicio do noso propio camiño, e que mellor que inicialo a carón do que leva a Compostela.

X. Francisco Pardo Teijeiro
Director do Instituto de Estudos Ulloáns

Presentación

La exposición “As Nosas Señoras do Camiño” es la primera del Instituto de Estudos Ulloáns (IEU), asociación cultural que desarrolla su actividad en la comarca de La Ulloa, tierra antigua y fértil, constituida por los ayuntamientos de Palas de Rei, Antas de Ulla y Monterroso. Es la primera para nuestro Instituto y la primera también de la sala de exposiciones del rehabilitado Castillo de Pambre, joya de la arquitectura medieval gallega.

“As Nosas Señoras do Camiño” es una exposición de reproducciones de diez vírgenes románicas, todas ellas del entorno del Camino de Santiago, desde Navarra hasta Lugo, realizadas por Ana Sastre, una artista coruñesa dotada de una exquisita sensibilidad y con un apasionado amor por el arte románico. Las obras de Ana Sastre trascienden las simples reproducciones para convertirse en verdaderas obras de arte. Su expresividad, la delicada precisión de colores y formas, sin perder nunca la estricta fidelidad a la pieza original, conjugan equilibrada y armónicamente la ingenuidad de un “naïf” de peculiar perspectiva con la fuerza visual del simbolismo expresionista.

“As Nosas Señoras do Camiño” refleja, en las diez piezas cuidadosamente elegidas, además de la atractiva belleza de la iconografía románica, subordinada siempre a un orden racional con intenciones simbólicas, la esencia de la variadísima tradición religiosa popular: vírgenes milagrosas, vírgenes mediadoras, vírgenes protectoras, vírgenes de romería, vírgenes con niño, vírgenes entronizadas, vírgenes sitiales, vírgenes coronadas, vírgenes abrideras, vírgenes hieráticas, vírgenes de ojos grandes... as Nosas Señoras.

“As Nosas Señoras do Camiño” se ha podido llevar a cabo gracias a la subvención de la Sociedade de Xestión de Plan Xacobeo y a la ayuda del Concello de Palas de Rei, que nos apoyaron desde el primer momento. Tenemos que agradecer a José Luis Vélez, Prior del Monasterio de Samos, la cesión temporal de la copia de la Virgen de Valvanera, obra de Ana Sastre, y a Alfonso Blanco, párroco de Guitiriz, las de las Vírgenes de O Cebreiro y de Pesqueiras, de la misma escultora; las demás piezas forman parte de la colección particular de Ana Sastre. Agradecemos el entusiasmo de los historiadores de la Sección de Historia

del IEU, coordinados por María José Gómez Alvite. Damos las gracias también a Braulio Vilariño, coordinador de la Sección de Exposiciones del IEU, a la fotógrafa Patricia Couceiro por sus magníficas fotografías y a la californiana Judith Porto por sus traducciones. Y nuestro especial agradecimiento es para el escritor e historiador Xosé Lois García que desinteresadamente aportó tan excelente prólogo.

“As Nosas Señoras do Camiño” es nuestra primera exposición y el inicio de nuestro propio camino, y que mejor que iniciarlo junto al que conduce a Compostela.

X. Francisco Pardo Teijeiro
Director del Instituto de Estudos Ulloáns

Presentación

As Nosas Señoras de Ana Sastre

por Xosé Lois García

Con este mesmo título publiquei un artigo en Galicia Dixital o 22 de maio de 2014, agora retómase o título para esta exposición no castelo de Pambre, en Palas de Rei, por onde o Camiño de Santiago transcende e emancipa a tódolos camiños que nel converxen, co especial reencontro de tantos dons materiais e espirituais. Suxerintes modalidades formativas son as que se aglutinan nestas contornas por onde o peregrino da fe ou do colesterol, non deixa de emanciparse no que se revela e concreta nas ofertas de arte medieval que encontra, nas diversas presenzas iconográficas. Ana Sastre tamén peregrina polos camiños dos reencontros á procura das virxes medievais. Co titular de Nosas Señoras dáse nome e presenza a esta exposición. Ana Sastre recolle dos tempos idos excelentes texturas devolvéndolles o brillo conceptual e cromático que lle deron a estas imaxes aqueles artífices anónimos que nos deixaron delicados formatos de Nosas Señoras.

Ana Sastre mergúllase no vital da arte sacra medieval, para recuperar o que foi e é arte popular, na individualidade da iconografía mística que hoxe ten dúas vocacións, a veneración relixiosa e o deleite que ofrenda a arte. Neste sentido, repito o que xa dixen no referido artigo: “Aí está un longo inventario desas musas virxiniais, con rostros daquel ruralismo que os escultores da época recolleron. Esas madonas sedentes e matriarcais, de rostro humilde e floridas indumentarias do románico e do gótico. Esas virxes transidas, por veces, e outras ledas, definen unha temporalidade na que se plasma unha imaxe realista na que percibimos o universo habitado por tantas facianas e sentimentos que expresan esas imaxes”. Sen dúbida, as reproducións de formatos medievais de Nosas Señoras que nos ofrece Ana Sastre, na presente exposición, recupera o vigor luminoso dun onte lonxincuo, que nos chama a dialogar con eses rostros desenfadados e dinámicos, que nos convidan a interiorizarnos na mais exaltada Idade Media, onde a arte sacra -mais que relixiosa- connota diversos perfís do pensamento feudal e das esixencias da Igrexa. Esa formación escultural estática -predominio estético do século XII- subliña a belixerancia en defensa da fe e, tamén, a estrutura social da

muller, como reprodutora e non en pé de igualdade co home. Esas Nosas Señoras sedentes e inmóbiles, que protexen ao neno que sustentan no centro dos seus xeonllos en acción dinámica de bendicir, ten moito que ver coa desigualdade de xénero da época que nos ocupa. O mesmo acontece coa suntuosidade da indumentaria, tan personificada nos luxosos vestidos de seda que levaban as damas da corte e da nobreza, contrastando con eses formatos de virxes con sinxelos vestidos populares, sobre todo o saial e a toga grosa de la ou de liño, sen decorados e só de unha cor que representa a diversidade de clases.

As xesticulacións tan retraídas e pouco enfáticas que manifestan estas esculturas de Nosas Señoras, están dentro da normativa estilística do románico do século XII, na que a muller ten un papel moi secundario, así se difundiu, nas que tamén non faltan certas insinuacións e xesticulacións moi discretas que tantas veces pasan desapercibidas. Neste sentido, os imaxineiros estaban centrados nun código formal baixo o ditame da Igrexa. Da virxe estática, maternal e protectora de seu neno, salvador do mundo, este aparece en acción de bendicir, como xa dixemos. Alén das expectativas que marcaban os poderes omnímodos dunha Igrexa retrotraída na rixidez destes formatos románicos, houbo moitos executantes de estas esculturas que eran gnósticos e de pensamento exotérico que foron capaces de filtrar insinuacións que particularizan certas imaxes, tanto na forma como na policromía, informándonos de certas actitudes do pensamento da época que se manifesta en insinuacións moi precisas e moi ocultas que o observante está obrigado a descubrir.

A transmisión de valores estéticos destas imaxes, asocian os éticos e doutrinarios daquela temporalidade. Neste contexto está o labor inconfundíbel e soberano que Ana Sastre transmite os acentos medievais en súas reproducións, que non deixa de ser unha oferta para retrotraernos a oitocentos anos atrás e impregnarnos das sabedorías dos mestres da talla e da policromía daquela época. Ana Sastre condúcenos por ese longo Camiño de Santiago, onde os peregrinos da vida e do misterio abren sendas de esperanza nunca desandadas, até os confíns de Compostela, na Fisterra galaica. Nesta xeira encontraremos a arte reproducida coa a máxima fidelidade tal como practica Ana Sastre. Sen o diálogo con eses formatos

de orixe nada se modula nin se transmite das particularidades deses formatos tan diversos, tan humanizados e naturalizados en todo o que desvela beleza, como sinala FrançoisCheng: “Como non oír a mensaxe que resoa en min? A beleza existe!”

A beleza dunha obra de arte é aquela que impacta no noso interior e convoca a nosa sensibilidade a transcender no verbo da alma. A beleza marca a plenitude da vida aberta que unha obra de arte pode convidarnos a discernir e formular criterios na descuberta de seus valores, alén dos estéticos. Neste contexto, Ana Sastre participa da arte universal das Nosas Señoras medievais, soamente por recrearse nelas. Se falamos de beleza non podemos deixar de lado a musicalidade que emiten eses rostros serenos e mudos de estáticas madonas, capaces de vibrar nesa textura que resume os ritmos musicais e proclaman os tons e sons no resoar unísono que confirmou Rilke: “Non impedades a música”. Procurar a beleza, na forma, no estilo e na ornamentación do figurativo destas virxes que conquistan o noso espírito, sempre será un acto emotivo no que unha obra de arte nunca deixará de ser unha conquista de coñecemento nesas combinacións que emerxen da música e da multiplicidade de formas expresivas e de trazos policromados. Baudelaire rendeu homenaxe a arte e aos dons

“ Es un grito repetido por mil sentinelas,
unha orde transmitida por mil portavoces;
es un faro acendido sobre mil cidadelas
clamor de cazadores perdidos no bosque ”

do espírito que a crean e recrean, desta maneira:

A auténtica arte que proclama beleza non deixa de ser un clamor repetido do espírito creador. A beleza que se interpreta desde a submisión da fe, pode que se converta nun medio mimético e retraído, e nada ten a ver coa beleza que se define desde un espírito libre e emancipador, que é o que se detecta nas Nosas Señoras do Camiño que encontramos nesta exposición. Por tanto, a artífice destas reproducións é Ana Sastre, dadora de beleza que respira nestas tallas medievais e conspira contra a fealdade e a ignorancia de quen non ve nada nelas. Neste decálogo de tallas reside a mensaxe que nos convida a dialogar cos tempos idos que aínda nos ilustran e nos conmoven.

Neste traxecto e proxecto visual está o logro transformador e creador de Ana Sastre, dadora dun escenario renovado que se manifesta nesta cronoloxía artística e histórica que define a estas dez tallas estudadas por diversos críticos, que servidor quere resaltar algunha das opinións de sobre estas tallas.

Nosa Señora de Valvanera, encetamos a nosa andaina peregrina desde o mosteiro bieito do mesmo nome (A Rioxa). Esta talla a describe María José Gómez Alvite e sitúanos nas diversas modalidades que nos ofrece a iconografía sacra do século XII. As súas precisións sírvenos para observar a esta Nosa Señora e percorrer camiño desde Valvanera a Pesqueiras.

Nosa Señora de Cilicueta, en terras navarras, forma parte do Museo Diocesano de Pamplona. Un pequeno texto de Carlos Vázquez García, ofrécenos esta precisión: “...o neno Xesús con cara de adulto”. Un matiz que nos leva a argumentar esta característica fisionómica que creou dificultades na escultura e na pintura medieval sobre os infantes. O rostro dos nenos dificultou a seus executantes captar a forma mais natural dos mesmos. Se observamos a faciana redondeada e grosa dos anxos na arte renacentista, barroca e neoclásica encontraremos símiles na deformación. Escultores e pintores do románico e do gótico optaron pola solución de configurar rostros adultos. Esta expresión estética tiña que ver, tamén, co simbolismo da figura do Salvador, representado en face adulta. Rubens falou destas dificultades que tiñan os pintores en lograr un retrato naturalista dos infantes.

Nosa Señora da Antigua, de Cilicueta pasamos pola “luenga Castilla” e traspoñémonos no Páramo leonés. Na poboación de La Antigua está esta talla, segundo a información descritiva e histórica que nos aporta Cristina Varela Cadahía, sobre a expansiva advocación que non só se limita ao espazo de La Antigua, senón tamén a transcendencia que tivo en América, como nos di Cristina: “A advocación de Nosa Señora da Antigua está moi estendida por América grazas en parte ao descubridor Vasco Núñez de Balboa”. A transcendencia devocional desta imaxe románica na súa localidade e en América ten eco innovador nesta exposición que nos chega das ávidas virtudes creativas de Ana Sastre.

Nosa Señora das Neves, está na localidade leonesa de Barrillos

de Curueño e a descubrimos no texto de María José Gómez Alvite: “A expresión da Virxe non presenta un acusado hieretismo senón que poderíamos definir o seu rostro como de inexpresividade pero tamén de melancolía e sensación de tristeza.” A definición de Alvite remítenos ás composturas estáticas das que xa falamos. No rostro desta imaxe predominan expresións meditativas e olladas penetrantes e obsesivas de ir alén de tódolos misterios, como se nos dixera: “O meu reino non é deste mundo”. Un logro estilístico que se define rigorosamente na reprodución de Ana Sastre.

Nosa Señora co Neno, procede da localidade de Carbajosa de la Sobarriba (León), que a encontramos no Museo Catedralicio de León, segundo información que nos aporta Jesús Otero Pereiras e que nos introduce nun temario descritivo sobre esta talla do século XII. Un distinguido texto que nos achega ao contexto marianista, dos inicios dogmáticos que amosou a Igrexa Católica no Concilio de Éfeso. Sobre a modalidade técnica e estilística, Otero Pereiras confirma: “Como trazos formais destacan: trátase dunha talla en madeira, cuberta con estuco para permitir a policromía con témpera, datada no século XII e con 66 centímetros de altura.” A ollada de Nosa Señora de Carbajosa revela transcendencia e persistente serenidade na custodia de seu fillo.

Nosa Señora Abrideira é unha curiosa talla que encontramos en Toldaos (no espazo galego, non lonxe de Samos), coñecida popularmente pola Virxe Abrideira, por ofrecer dúas características funcionais, unha a oración e outra o culto. Na configuración pechada mostra a maternidade, no que respecta ao modelo románico. A segunda función responde ao nome de abrideira, dado que na parte frontal da talla ábrense dúas portas e no seu interior hai dúas figuras laterais e no centro a Santa Trindade -como ben explica Gómez Alvite-. Santa María como porta de acceso ás tres figuras trinitarias. Nesta segunda función, o formato servía para varios rituais de culto.

O texto de María José Gómez Alvite esclarece moitos puntos desta peza iconográfica, apuntemos un deles: “Representa a María como porta celeste, tema marial da época afonsí”. É verdade no que respecta ao reino de Castela e León, no reinado de Afonso X O Sabio, na segunda metade do século XIII. No século XII, en plena difusión mariana por parte dos

cistercienses, existían estes formatos no reino de Aragón como podemos observar na sección románica do MNAC (Museu Nacional de Art de Catalunya) de Barcelona, onde se expoñen magníficas tallas deste perfil que tiveron presenza en capelas e oratorios privados do clero e da nobreza. Outra das precisión de Gómez Alvite resulta moi interesante, cando di: “Dende finais da Idade Media destruíronse moitas das Virxes abrideiras por ser consideradas heréticas porque parecían levar á crenza que as tres persoas divinas se tiñan encarnado en María”. Ademais significaba que era a porta de acceso ás tres figuras da Trindade. Para moitos puristas da escolástica medieval era un sacrilexio de que Deus, sen principio nin final, estivese sometido á custodia dunha muller. Na península Ibérica varían os atributos con que se apela a María. En Portugal menciónase como “Nossa Senhora”; nos antigos territorio de Castela e León, como “Virgen”; no reino de Aragón (Cataluña, Valencia, Mallorca e Rosellón) como “Mare de Déu” (Mai de Deus). Un atributo que continúa escandalizando as monoteístas mais puros, xudeus e musulmáns, e a non poucos cristiáns. Outra particularidade que nos ofrece esta talla abrideira é a de abrir o catálogo desta exposición ás cinco imaxes de Nosa Señora en territorio galego. Nesta dirección, Ana Sastre non sucumbiu en presentarnos unha das tallas mais complicadas, no sentido tecnolóxico e compositivo, dunha magnífica imaxe de Nosa Señora Abrideira.

Nosa Señora de Meilán, do concello de Riotorto (Lugo) é outro dos magníficos exemplares iconográficos da colección de Ana Sastre. A autora do comentario desta talla, María José Gómez Alvite, sinala algunha das súas características: “O marcado hieratismo de pezas características de comezos do XII deixa paso a un leve sorriso que lle aporta unha faciana doce, de cara a conseguir un maior naturalismo”. Unha definición fermosa e reveladora que nos aproxima ao naturalismo do románico pleno.

Nosa Señora do Cebreiro, interesante o comentario que aporta José Ángel Vázquez Mourenza a este catálogo sobre unha talla carismática na devoción e nas lendas das xentes dos Ancares e do Courel. Seu santuario está nos rentes do Camiño de Santiago. Un formato ben tallado por un mestre esgrevio do románico que coñecía os símbolos sobre María. Estamos ante unha imaxe recatada e con vestidos moi perfeccionados no

que atinxe aos matices formais da escultura e da policromía. A súa cabeza a ten levemente debruzada sobre a do neno, como se estivese atenta ao misterio que inspira a bendición de Xesús. Un reclamo moi ben tramado nesta talla que non deixa indiferente a ninguén. A imaxe que aquí se expón responde á reprodución de Ana Sastre, que se encontra no Santuario de Bascuas (Guitiriz), que o sacerdote Alfonso Blanco Torrado emprestou para esta ocasión.

Nosa Señora co Neno, trátase dunha figura orixinal de pedra e representa a epifanía. Atópase no mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Miño, na Ribeira Sacra do Saviñao (Lugo). Pola década dos sesenta do século pasado foi roubada, sendo descuberta en Burgo de Osma e integrada de novo a seu espazo natural de Santo Estevo. María José Gómez Alvite, comenta o seguinte: “A efixie é coñecida tamén coma A Epifanía de San Estevo de Ribas de Miño debido a que na igrexa existen outras pezas tamén pétreas que aluden a adoración dos Reis Magos. Sen embargo, está talla é anterior ás outras, e foi realizada para estar exenta, mentres que as demais formaban parte dun mural escenográfico.” Estamos ante unha opinión moi persoal e respectábel, mais este conxunto epifánico está enmarcado no contexto de outros similares como o de San Fiz de Salovio e o da igrexa de Corticela, as dúas en Compostela, a de Santa María a Nova de Noia, entre tantos outros conxuntos desta natureza, cuxos exemplares están colocados nos tímpanos e responden a un tema moi xenuíno da escola do Mestre Mateo. A epifanía de Santo Estevo de Ribas de Miño, está no contexto e orientación mateana. O volume das seis figuras antropomorfas (Xesús, María, S. Xosé e os tres reis magos) que compoñen a epifanía de Santo Estevo non puideron ser colocadas no tímpano por carecer de espazo. O lugar axeitado de exhibición deste conxunto foi o presbiterio, sen dúbida, alí estivo até que sufriu varios espolios, como o soterramento na nave do templo de tódalas figuras a excepción da Nosa Señora co neno que se reservou para presidir o centro presbiteral, tal como amosan as figuras dos magos que apareceron nunha reforma da nave, primeiro a do rei Melchor e noutra reforma mais recente os dous reis restantes. Todos eles sen policromía polos efectos da humidade do subsolo. A figura de S. Xosé continúa sen aparecer.

Transcribo do meu libro: “Simboloxía do Románico do

Saviñao”, Xunta de Galicia (2015), o seguinte: “A virxe románica do século XII ou dos albores do XIII, sen movemento, sedente, hierática, coa solemnidade que corresponde ao seu status de protectora do neno que ocupa o centro do seu colo e ten rostro de adulto para inculcar respecto e veneración a quen o observa, como acontece coa imaxe da desaparecida virxe de Pesqueiras (Chantada). Neste tipo de imaxes, resáltase o comportamento social da muller do medievo cuxo papel na sociedade era procrear e protexer os seus fillos. Esta era a pedagogía da alienación que transmitían estas imaxes da muller nai, sufridora e obediente a seu marido, apta para rezar e para realizar labores domésticos.

A estrutura morfolóxica desta escultura de María co neno, en Santo Estevo, ofrece novidades con respecto ás imaxes románicas anteriores a esta. O gótico trouxo cambios cualitativos con respecto ao novo status da muller. Os artistas optaron por configurar imaxes sobre a Virxe María máis humanizadas e próximas a un diálogo distendido e non como parasito mudo e protector. O acento devocional posto pola orde do Císter e o gran papel sacralizador que Bernardo de Claraval e Suger de Saint-Denis introduciron na veneración mariana o gran milagre dos artistas e escultores do gótico que proclamaron outra posición e movemento e que renunciaron ao ideario estático.

Na Nosa Señora de Santo Estevo observamos un cambio tímido, continúa sentada protexendo o neno. Mais hai un tema importantísimo en dúas posicións estéticas que marcan ese cambio formal que se produce no gótico do século XIII. Por unha banda, o neno non está no centro do colo, está colocado sobre o xeonllo esquerdo de María. Xa non mira de fronte, senón de lado e en posición de bendicir. María protéxeo coa súa man esquerda colocada no ombreiro do infante. Coa man dereita, sostén unha árbore con diversas ramas, que ben podía ser a representación da árbore de Xesé como destaque credencial da xenealoxía de Xesús.

A policromía da Virxe María é vermello, símbolo do sangue, do lume, da atracción espiritual e da enerxía iniciática. O saial de Xesús é azul con bordos dourados. O azul simboliza os dons místicos sacerdotais, a luz celeste e a inmensidade e a totalidade de Deus”.

Esta imaxe tan expresiva e representativa da transición do románico ao gótico ten apousento en Santo Estevo de Ribas de Miño e está extraordinariamente representada nesta exposición de Ana Sastre, executada con destreza.

Nosa Señora de Pesqueiras, Ana Sastre executou varias tallas da Virxe de Pesqueiras. A que ten apousento nesta exposición procede do santuario de Bascuas (Guitiriz), que o párroco Alfonso Blanco Torrado a deixou para este evento, ao igual que a do Cebreiro. A Nosa Señora de Pesqueiras que Ana Sastre reproduciu coa medida orixinal foi entronizada en acto solemne o 12 de agosto de 2012 na igrexa románica de Pesqueiras (Chantada). A imaxe orixinal románica desapareceu nun "incendio" o 28 de agosto de 1999, cando se encontraba na capela parroquial de Soilán. Tódolos indicios de investigación apuntaban a que se tratou dun roubo e o incendio que sucedeu serviu como coartada. Nas estremeiras xeográficas de Chantada, no monte Faro e no río Miño, repartiuse a advocación entre Santa María do Faro e Santa María de Pesqueiras, esta nos rentes do Miño. A nosa Señora de Pesqueiras tivo activa repercusión no espazo ribeirao e curioso ritual popular. Na súa festividade do 15 de agosto a imaxe era levada até a capela de Soilán, pernotando até o último domingo de setembro que en procesión regresaba á igrexa, e que se denominaba "festa da baixada". A chegar á igrexa era recibida con tres venias pola chamada "virxe nova" e no adro, en andas, pasaban nove veces os nenos, era avogosa dos infantes. Esta manifestación que se producía na "festa da baixada" sucedeu até 1969, ano en que foi trasladada á nova igrexa de Pesqueiras situada en alta chaira.

A talla sedente de Nosa Señora de Pesqueiras responde ás estruturas estilísticas clásicas do románico do século XII. No centro do seu colo protexe o neno, este coa mao dereita bendice e coa esquerda mantén no seu pectoral un libro. A Nosa Señora posúe na mao dereita un elemento esférico que representa o universo, o imagomundi, o cosmos como representación da unidade e totalidade do Creador. O cosmos como individualidade creadora e sustentadora da que Xesús seu fillo forma parte da creación, segundo conceptos trinitarios medievais, desde unha visión escatolóxica e partindo dunha interpretación antropocéntrica, tal como se comprendeu a creación do mundo na carta aos Hebreos 11, 3: "Pola fe

sabemos que a palabra de Deus creou o mundo e así o que se ve é resultado do que non se ve". A quietude e a sobriedade do rostro de Nosa Señora de Pesqueiras transmite sosego e meditación. A súa indumentaria a compoñen un velo dourado que cubre a súa cabeza, un manto azul e un saial vermello, estas dúas pezas están decoradas por diversos rombos que guarnecen estrelas de oito puntas no seu interior.

O decálogo inxente destas nosas señoras que conforman esta exposición manifesta as benquerenzas e o compromiso de Ana Sastre con unha das manifestacións mais interesantes do románico galego, como é a colección destas tallas medievais que ela foi producindo e que agora expón no castelo de Pambre. Ana Sastre constata a veracidade dunha expresión inmorredoiira que perpetúa a arte románica e gótica no noso país. É unha mágoa que o conxunto de tallas que ela configurou non estean nunha fundación institucional ou forme parte dun museo de arte sacro.

Xosé Lois García

Historiador e crítico de arte
Merlán, 16 de xuño de 2016

CATÁLOGO



Fotografía de Patricia Coucheiro

VIRXE DE CELIGUETA

(Celigueta, Navarra)

Coñécese como Virxe de Celigueta e atópase no Museo diocesano de Pamplona.

Celigueta é unha pequena aldea da comunidade foral de Navarra, situada ao pé do antigo Camiño de Santiago, unha variante do actual que entraba no val de Izagaondoa por Indurain, para evitar así o porto de Loiti. Na actualidade só vive alí unha persoa. O despoboamento do lugar foi a causa de que a Virxe románica da súa igrexa fora trasladada ao Museo diocesano de Pamplona. No seu lugar de orixe atópase unha réplica da mesma.

Os principais trazos son: talla románica, tal vez, do último terzo do século XII. Representa a Santa María sentada nun trono que sostén o Neno Xesús, con cara de adulto, sobre os seus xeonllos, pero sen que se produza o contacto entre mai e fillo. O Meniño levanta a man dereita e agarra un libro coa esquerda. Ambas as dúas figuras locen sendas coroas. As vestimentas, en cores avermelladas e douradas, cobren todo o corpo ata os pés. O calzado da Virxe é sinxelo, en punta e representado en paralelo, mentres que o Neno Xesús aparece cos pés descalzos.

O feito de que o neno teña a man dereita en posición de bendicir e un libro na esquerda, imaxe típica de *Pantocrátor*, fai supoñer que na esquerda sostén *Os Evanxeos*.

Carlos Vázquez García

VIRGEN DE CELIGUETA

(Celigueta, Navarra)

Se conoce como Virgen de Celigueta y se encuentra en el Museo diocesano de Pamplona.

Celigueta es una pequeña aldea de la comunidad foral de Navarra, situada al pie del antiguo Camino de Santiago, una variante del actual que entraba en el valle de Izagaondoa por Indurain, para evitar así el puerto de Loiti. En la actualidad solo vive allí una persona. La despoblación del lugar fue la causa del traslado de la Virgen románica de su iglesia al Museo diocesano de Pamplona. En su lugar de origen se encuentra una réplica de la misma.

Los principales trazos son: talla románica tal vez del último tercio del siglo XII. Representa a Santa María sentada en un trono que sostiene al Niño Jesús, con cara de adulto, en sus rodillas, pero sin que se produzca el contacto entre madre e hijo. El Niño levanta la mano derecha y ase un libro con la izquierda. Las dos figuras lucen sendas coronas. Las vestimentas, en colores rojizos y dorados, cubren todo el cuerpo hasta los pies. El calzado de la Virgen es sencillo, en punta y representado en paralelo, mientras que el Niño Jesús aparece con los pies descalzos.

El hecho de que el Niño tenga la mano derecha en posición de bendecir y un libro en la izquierda, imagen típica de *Pantocrátor*, hace suponer que en la izquierda sostiene *Los Evangelios*.

Carlos Vázquez García

OUR LADY OF CELIGUETA

(Celigueta, Navarra)

She is known as the Virgin of Celigueta and she is in the Diocesan Museum of Pamplona.

The main feature is the Romanesque carving, probably from the last third of the 12th century. It represents Saint Mary seated on a throne holding baby Jesus, with an adult face, on her knees while raising her right hand. Both figures wear crowns. Their garments, in reddish and golden colors, cover their entire bodies to their feet. The footwear of the Virgin is simple, pointed and represented in parallel, while baby Jesus appears barefoot.

Carlos Vázquez García



Fotografía de Patricia Coucheiro

VIRXE DE VALVANERA

(Anguiano, A Rioxa)

A Virxe de Valvanera atópase no mosteiro beneditino do mesmo nome, aínda que, segundo conta a lenda recollida na *Historia Latina* (1419) polo abade Rodrigo de Castroviejo, a efixie descubriuna Nuño Oñez un ladrón arrependido que ten a visión do lugar onde se encontraba oculta: nun carballo que medraba encima dun manancial e, ademais de destacar sobre os que lle circundan, posúe como trazo especial conter varios enxames de abellas. E por iso se nomea patroa dos apicultores.

No lugar onde apareceu a imaxe levantouse o mosteiro, en plena Serra de Demanda (A Rioxa) sitio onde se lle celebra unha festividade na primeira quincena de setembro (domingo seguinte ó día 8). Coa desamortización a imaxe foi trasladada ata Brieva de Cameros ata finais do século XIX.

É unha talla realizada en madeira dun estilo que poderíamos determinar coma románico primitivo de finais do século XI ou comezos do XII, aínda que recibiu diferentes restauracións cromáticas e adornos.

Represéntase a Virxe co Meniño Xesús baixo a advocación de Bo Pastor que busca coa mirada ós homes extraviados polo pecado para que sexa o seu centro O Evanxeo. Non hai integración entre as dúas pezas. A mai leva os brazos flexionados para servir de apoio lateral á figura do cativo que semella sentado. Todo o conxunto figurativo máis a peana e a cadeira na que repousa María forman unha soa peza de 109 cm de alto e 40 de ancho. A caracterización do meniño é a propia dun rei da época. Así mesmo, represéntase con rostro de persoa maior. A actitude da Virxe é de hieratismo, na man dereita porta unha esfera que simboliza o mundo. Ambos, nai e neno, levan túnicas de cor cobalto con bordes dourados e drapeado de pedras cubrindo o lombo e os brazos ata a man.

María José Gómez Alvite

VIRGEN DE VALVANERA

(Anguiano, La Rioja)

En el monasterio benedictino de Valvanera se encuentra la Virgen de Valvanera. Cuenta la leyenda recogida por el abad Rodrigo de Castroviejo en la *Historia Latina* (1419) que la efigie fue descubierta por Nuño Oñez, un ladrón arrepentido que tiene la visión del lugar donde se hallaba oculta: se trata de un roble que crecía sobre un manantial y que se distingue sobre los que le rodean por un rasgo especial, el albergar varios enjambres de abejas. Esa es la razón por la que se considera patrona de los apicultores.

En el lugar donde apareció la imagen se ha edificado el monasterio, en la Sierra de Demanda (La Rioja) sitio donde se celebra una festividad en la primera quincena de septiembre (el domingo siguiente al día 8). La imagen fue trasladada a Brieua de Cameros a raíz de la desamortización, lugar donde permaneció hasta finales del XIX.

Se trata de una talla realizada en madera, de estilo románico primitivo, de finales del siglo XI o principios del XII, pese a serle incorporados posteriormente diversos adornos y haber experimentado varias restauraciones cromáticas.

La talla representa a la Virgen con el Niño Jesús, concretamente es la advocación del Buen Pastor que busca con la mirada a los hombres extraviados por el pecado para que adquieran el Evangelio como centro. No existe integración entre ambas imágenes, la madre se sitúa con los brazos flexionados para que estos sirvan de apoyo al niño que parece sentado. La escultura (peana, trono, madre e hijo) forman una sola pieza de 109 cm de alto y 40 de ancho. La caracterización del niño es la reservada a los reyes de la época. Así mismo, se representa con rostro de persona mayor. Madre e hijo llevan túnicas color cobalto con bordes dorados y drapeado de piedras cubriendo la espalda y los brazos hasta la mano.

María José Gómez Alvite

VIRGIN OF VALVANERA

(Anguiano, La Rioja)

Our Lady of Valvanera or the Virgin of Valvanera is in the benedictine monastery of the same name, although according to legend compiled in the *Historia Latina* (1419) by abbot Rodrigo of Castroviejo, the image was discovered by Nuño Oñez, a repentant thief that had visions of the place where it was hidden: in an oak that grew above a spring. Besides the fact that stands out among those that surround it, as a special feature it possesses several swarms of bees. This is why it is the patron saint of beekeepers.

In the place where the image was found a monastery was built, right in the middle of Serra de Demanda (Rioja), a celebration takes place in the first fortnight of September (the Sunday following the eighth day of the month). During the Spanish confiscation period the image was relocated to Brieua de Cameros until the end of the 19th century.

It is a woodcarving executed in a style that could be defined as primitive Romanesque, end of the 11th century or beginning of the 12th century, although it has received different color restorations and embellishments.

This represents the virgin with baby Jesus under the protection of the Good Shepherd, who directs his gaze to search for the men lost to sin while trying to make the Gospel the center of their lives. There is no integration between the two pieces. The mother is bending her arms to support the child, who seems to be seated. All the figurative set plus the stand and the chair where María rests are part of a unique piece of 109 cm high by 40 cm wide. The characterization of the child is typical of a king at the time. Similarly, it is represented with the face of an older person. The attitude of the virgin is in a hieratic pose; in her right hand she holds a sphere that symbolizes the world. Both mother and child carry tunics of cobalt blue with golden edges and a drapery of stones covering the back and the arms until the hand.

María José Gómez Alvite



Fotografía de Patricia Coucheiro

VIRXE DA ANTIGUA

(La antigua, León)

Case perdida no Páramo Leonés atópase a poboación de La Antigua, que a pesares de ser a cabeza do concello, conta só con 32 habitantes. Na parte nordés da vila, e situada sobre unha pequena elevación, atópase a igrexa de Santa María. Aínda que a edificación actual é do século XVI, hai documentación que fala da existencia doutro edificio xa no século XI, o que explicaría a presenza dunha imaxe románica neste templo.

A Imaxe da Nosa Señora de La Antigua, data do século XII, probablemente da segunda metade dese século. Tallada en madeira de alta densidade, o que probablemente dificultaría a súa realización, ten un baleirado na súa parte dorsal que alixeira o peso total da peza.

Sufriu numerosas mutilacións ao longo dos séculos para poder ser vestida, que é a forma na que recibe culto actualmente, foi así como a figura de Xesús perdeu a súa parte inferior. A pesar da posición sedente do conxunto non hai representación de trono ou asento polo que é a propia imaxe da Virxe a que fai as veces de cadeira, nunha actitude rixida propia do románico, onde o importante non é a maternidade de María senón a figura do propio Neno.

Non está restaurada e, segundo di Máximo Gómez Rascón, no seu libro *Teotokos. Virgenes medievales de la diócesis de León* o repinte e as mans pertencen ao século XVI, o que coincidiría coa feitura do actual edificio. Crese que o burato da man dereita da Virxe sería para colocar un cetro ou flores, sendo está última a opción máis probable xa que, na iconografía actual, represéntase cunha rosa ou unhas flores brancas nesa posición.

A Advocación de Nosa Señora de La Antigua está moi estendida por América grazas en parte ao descubridor Vasco Núñez de Balboa, o primeiro explorador español que contemplou o océano Pacífico, pois os seus pais eran nativos desta localidade leonesa. De feito é a patroa de Panamá, onde se celebra a súa festa o 9 de setembro.

Cristina Varela Cadahía

VIRGEN DE LA ANTIGUA

(La antigua, León)

Casi perdida en el Páramo Leonés se encuentra la población de La Antigua, que, a pesar de ser cabeza de ayuntamiento, consta solo con 32 habitantes. En la parte noreste de la villa, y situada sobre una pequeña elevación, se encuentra la iglesia de Santa María. Aunque la edificación actual es del siglo XVI, hay documentación que habla de la existencia de otro edificio ya en el siglo XI, lo que explicaría la presencia de una imagen románica en este templo.

La Imagen de Nuestra Señora de La Antigua data del siglo XII, probablemente de la segunda mitad de este siglo. Tallada en madera de alta densidad, lo que probablemente dificultaría su realización, tiene un vaciado en su parte dorsal que aligera el peso total de la pieza.

Sufrió numerosas mutilaciones a lo largo de los siglos para poder ser vestida, que es la forma en la que recibe culto actualmente, fue así como la figura de Jesús perdió su parte inferior. A pesar de la posición sedente del conjunto no hay representación de trono o asiento por lo que es la propia imagen de la Virgen la que hace las veces, en una actitud rígida propia del románico, donde lo importante no es la maternidad de María sino la figura del propio Niño.

No está restaurada y, según dice Máximo Gómez Rascón, en su libro *Teotokos. Virgenes medievales de la diócesis de León* el repinte y las manos pertenecen al siglo XVI, lo que coincidiría con la arquitectura del actual edificio. Se cree que la abertura de la mano derecha de la Virgen sería para colocar un cetro o flores, siendo esta última la opción más probable ya que, en la iconografía actual, se representa con una rosa o unas flores blancas en esa posición.

La Advocación de Nuestra Señora de La Antigua está muy extendida por América gracias en parte al descubridor Vasco Núñez de Balboa, el primer descubridor español que contempló el océano Pacífico, ya que sus padres eran nativos de esta localidad leonesa, de hecho es la patrona de Panamá, donde se celebra su fiesta el 9 de setiembre.

Cristina Varela Cadahía

OUR LADY OF ANTIGUA

(La antigua, León)

Practically lost in the paramo of León is the town of La Antigua. Despite being the head of the district, there are only 32 inhabitants. In the northernmost part of town, above a small field, sits the church of Saint Mary. Although the current building is from the 16th century, there is documentation of the existence of another building in the area from the 11th century, which would explain the presence of a Romanesque image in this temple.

The Image of Our Lady of La Antigua dates from the twelfth century, probably in the second half of that century. Carved in wood of high density, which probably would impede its execution, there is an empty space in the rear side that lightens the whole weight of the piece.

It has suffered numerous mutilations throughout the centuries in order to be dressed, which is how she is worshipped today. This is how the figure of Jesus has lost the bottom part. Despite the fact that the group is seated, there is no representation of a throne or seat. The Virgin takes this role, in a rigid attitude characteristic of the Romanesque, where what is important is not the maternity of Mary but the image of the Child.

It has not been restored and, according to Maximo Gómez Rascón in his book *Teotokos. Medievalls Virgins of the diocese of León*, the repainting work and the hands date from the sixteenth century, which would coincide with the construction of the current building. It is believed that the hole in the right hand of the Virgin was made to place a scepter or flowers, the latter being the most likely one, since in the current iconography it is represented with a rose or white flowers in this position.

The worship of Our Lady of La Antigua is widely expanded into the Americas thanks in part to explorer Vasco Núñez de Balboa, the first Spanish explorer to reach the Pacific Ocean in Panama. As the patron saint of Panama, the festival of Our Lady of Antigua is celebrated each September 9th.

Cristina Varela Cadahía



Fotografía de Patricia Coucheiro

NOSA SEÑORA DAS NEVES

(Barrillos de Curueño, León)

A Nosa Señora das Neves é unha talla románica de madeira policromada que se acha na ermida de La Virgen de las Nieves en Barrillos de Curueño nun estreito val de pasteiros do concello de Santa Colomba de Curueño, provincia de León. Recibe a súa festividade principal en agosto.

O trazo máis salientable a nivel formal é o seu canon alongado, verticalista e esvelto, conseguido cunha posición intermedia entre sentada e erguida. Dende os xeonllos cara arriba aparenta unha figura de pé, sen embargo, cara abaixo semella estar repousando enriba dun escano. Malia que a Virxe practicamente non lle deixa espazo para sentarse o Neno, este está acomodado enriba do xeonllo esquerdo da figura materna, xa non garda posición simétrica coa nai coma nas primeiras Virxes románicas. Esta solución estética é propia do século XIII.

A pesar de que mai e fillo son reproducidos conxuntamente, a comunicación é mínima entre as dúas figuras, só esbozada ao través da man da mai sobre o ombreiro do fillo.

A expresión da Virxe non presenta un acusado hieratismo senón que poderíamos definir o seu rostro como de inexpresividade pero tamén de melancolía e sensación de tristeza. Vai tocada por unha coroa que recorda os primitivos barretes frixios. Leva o manto só sobre o ombreiro esquerdo. Iconolóxicamente representa o papel de *Theotokos* (mai e señora)

O Neno Xesús ten cara de persoa maior, porta unha figura esférica e o libro en sinal da sabedoría e da divina abstracción. Ten ton severo.

María José Gómez Alvite

NUESTRA SEÑORA DE LAS NIEVES

(Barrillos de Curueño, León)

